



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

## **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 24 DE XUÑO DE 2021**

### **PERSOAS ASISTENTES**

#### **PRESIDENTA:**

María Inés Monteagudo Romero (PP)

#### **CONCELLEIROS/AS:**

D. José Vázquez Rama (PP)

D<sup>a</sup> María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D<sup>a</sup> Caridad González Cerviño (PSOE)

D<sup>a</sup> María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D<sup>a</sup> María Xosé Alfonso Torres (CxG)

D. José Manuel Quintela Fernández (CxG)

D<sup>a</sup> María Lago Lestón (BNG)

D<sup>a</sup> Paula Simal Mayo (BNG)

Non asisten pero xustifican a súa ausencia don Ramón Lago Tajés (PSOE) e don José Antonio Uhía Martínez (CXG)

#### **SECRETARIA XERAL**

D<sup>a</sup> María Ofir Aboy García

#### **INTERVENTOR ACCIDENTAL**

D. Francisco Abeijón Núñez

No salón de sesións da Casa Consistorial sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos por min, a secretaria xeral do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a Sra. alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

---

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

## ORDE DO DÍA

### A. Parte Dispositiva

#### **Primeiro. Aprobación da acta anterior núm. 8 de sesión de Pleno ordinario do 27 de maio de 2021**

A señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero, pregunta aos membros da corporación se teñen algunha observación que dicir ao respecto da acta núm. 8 de sesión de Pleno ordinario do 27 de maio de 2021 que se presenta para que o Pleno a aprobe. A Sra. Alfonso Torres indica que ela se absten porque non estaba presente, e non habendo máis observacións, apróbase a acta núm. 8 de sesión de Pleno ordinario do 27 de maio de 2021 por unanimidade dos membros que estiveron presentes.

#### **Segundo. Resolución de alegacións e aprobación definitiva do Orzamento Municipal, Bases de Execución do Orzamento e da plantilla e cadro de persoal para o ano 2021**

Intervén a señora alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero, que di que consta ditame favorable da comisión informativa que é do seguinte teor literal:

**“Ditame da Comisión informativa de Persoal, Facenda e especial de Contas**

#### **Resolución de alegacións e aprobación definitiva do Orzamento Municipal, Bases de Execución do Orzamento e do plantilla e cadro de persoal para o ano 2021**

*Formado pola Alcaldía –Presidencia o proxecto de Orzamento Municipal do 2021 e as súas Bases de Execución contendo a documentación esixida polo artigo 168 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia co 18 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.*

*Elaborada a plantilla e o cadro de persoal de acordo co establecido no artigo 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e na Disposicións transitoria segunda do RD 861/1986, do 25 de abril.*

*Sometido o capítulo 1 de gastos de persoal, a negociación preceptiva ante a Mesa de Negociación do Concello de Muros en sesión celebrada o 21/04/2021, de conformidade ca xurisprudencia do Tribunal Supremo e co establecido nos artigos 33 e 37 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.*

*Formulada Memoria da Alcaldía contendo as modificacións mais importantes respecto do orzamento vixente no ano 2020.*

*Emitido, ao amparo do establecido no artigo 168.1.e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, informe económico –financeiro de intervención núm. 80/2021 do 19/04, no que expoñen as bases empregadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e , en consecuencia, a efectiva nivelación do Orzamento.*

*Emitido informe de Intervención núm.81/2021 do 16/04, ao amparo do disposto no artigo 4.1. do RD 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional, así como o informe núm.82/2021, do 26/04 sobre a avaliación do cumprimento do principio de estabilidade.*

---

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

Aprobado inicialmente o orzamento municipal, Bases de Execución do Orzamento e do plantilla e cadro de persoal para o ano 2021 en sesión plenaria de data 6 de maio de 2021.

Visto que dito acordo foi publicado, ós efectos de exposición pública e por un período de 15 días hábiles no BOP nº88 de 12 de maio de 2021

Visto que no período de exposición pública, se presentaron dos alegacións/reclamacións a aprobación inicial do orzamento municipal, tal e como resulta da certificación realizada pola Secretaría Xeral da corporación en data 8 de xuño de 2021 e que son as seguintes:

- Alegación con rexistro de entrada número: REGAGE21e00008174873 e de data 22/05/21

Presentada por LOURDES PEDRAZUELA BEA en representación de FEDERACIÓN DE EMPLEADOS PÚBLICOS DE U.S.O.

- Alegación con rexistro de entrada número: 202199900001053 de data 03/06/2021 presentada por MARÍA XOSÉ ALFONSO TORRES concelleira do grupo municipal CXG e veciña do concello de Muros.

Visto que con data 16 de xuño de 2021 emitíuse informe conxunto de secretaria intervención sobre as alegacións presentadas

De conformidade co disposto no artigo 169 do TRLFL a Comisión Informativa de Persoal, Economía e Facenda a seguinte fórmula o seguinte:

**Dítame:**

**PRIMEIRO.** Non admitir a alegación á aprobación inicial do orzamento Xeral do concello de Muros para o exercicio 2021 e presentada por Lourdes Pedrazuela Bea en representación de Federación de empregados públicos de U.S.O polos motivos expresados no Informe conxunto de secretaria intervención de data 16 de xuño de 2021, do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do presente Acordo.

**SEGUNDO.** Desestimar a alegación á aprobación inicial do orzamento Xeral do concello de Muros para o exercicio 2021 presentada por María Xosé Alfonso Torres en polos motivos expresados no Informe conxunto de secretaria intervención de data 16 de xuño de 2021, do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do presente Acordo.

**TERCEIRO.** Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Muros (A Coruña) e as súas Bases de Execución para o exercicio 2021, sen déficit nin superávit inicial, sendo os seus Estados de Gastos e Ingresos resumidos por capítulos os seguintes:

**ESTADO DE GASTOS**

Capítulo	Expresión	Crédito Inicial (€)
----------	-----------	---------------------

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

1	Gastos de persoal	3.968.148,43
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.758.038,75
3	Gastos financeiros	50.641,19
4	Transferencias correntes	899.965,82
	<b>Total operacións correntes</b>	<b>6.676.794,19</b>
6	Investimentos reais	1.060.284,14
7	Transferencias de capital	0,00
	<b>Total operacións de capital</b>	<b>1.060.284,14</b>
	<b>Total operacións non financeiras</b>	<b>7.737.078,33</b>
8	Activos financeiros	12.000,00
9	Pasivos financeiros	83.215,09
	<b>Total operacións financeiras</b>	<b>95.215,09</b>
	<b>TOTAL ESTADO DE GASTOS</b>	<b>7.832.293,42</b>

#### ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Expresión	Crédito Inicial (€)
1	Impostos directos	2.088.925,68
2	Impostos indirectos	100.000,00
3	Taxas e outros ingresos	897.797,28
4	Transferencias correntes	3.730.058,34
5	Ingresos patrimoniais	8.800,68
	<b>Total operacións correntes</b>	<b>6.825.581,98</b>
6	Enaxenación de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	722.340,10
	<b>Total operacións de capital</b>	<b>722.340,10</b>
	<b>Total operacións non financeiras</b>	<b>7.547.922,08</b>
8	Activos financeiros	12.000,00
9	Pasivos financeiros	272.371,34
	<b>Total operacións financeiras</b>	<b>284.371,34</b>
	<b>TOTAL ESTADO DE INGRESOS</b>	<b>7.832.293,42</b>

**CUARTO.** Aprobar definitivamente a plantilla e o cadro de persoal, do exercicio 2021, tramitado conxuntamente co Orzamento Municipal

**QUINTO.** Publicar a aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia resumido por capítulos, a efectos da súa entrada en vigor e remitir una copia do mesmo á Administración do Estado e á órgano de goberno da Comunidade Autónoma do Orzamento Municipal, e dita remisión deberase



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

*realizar simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial da Provincia do anuncio descrito anteriormente”.*

A Sra. Alcaldesa, dona Inés Monteagudo Romero, di que a alegación presentada por dona Lourdes Pedrazuela Bea en representación da Federación de empregados públicos U.S.O, refírese ao anexo que acompaña ao orzamento, e non ao orzamento mesmo, polo que non cumpre cos requisitos contemplados na norma, no referente a causa de alegación que se efectúa, ao non atoparse entre os motivos taxados polo artigo 170.2 do TRLRFL para entablar reclamacións contra o orzamento municipal, e entenden que non cumpre os requisitos para ser tida en conta, razón pola que é inadmitida.

Continúa a alcaldesa dicindo que en canto á alegación presentada pola Sra. María Xosé Alfonso Torres, como concelleira do grupo municipal CXG e como veciña de Muros, analízanse as mesmas cuestións no informe conxunto de Secretaría e Intervención, e a alegación estaría lexitimada en canto á consideración de veciña. E con respecto ao texto da alegación, solicita que se volva levar a Pleno un proxecto que conte cos informes favorables de Intervención, e se reproduce partes dos informes de Intervención que xa foron analizados no seu momento.

Di que a elaboración e aprobación do orzamento axústase á lei polo que se propón a desistimación da alegación. Di que o que si é certo, dada a falta de fundamentación da alegación interposta pola Sra. Alfonso, que o único obxectivo foi dilatar o procedemento de aprobación do orzamento, prexudicando ao persoal do concello, provedores e ao propio funcionamento municipal. Indica que a Sra. Alfonso dixo que ía colaborar con calquera goberno polo ben da veciñanza e o único que demostran é o contrario, e entende a súa actitude coma obstrucionista pero tamén considera que está a tempo de retificar.

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira dona Caridad González Cerviño que di que o seu grupo apoia o presuposto e que colaboraron nel para que este fora o mellor posible para a veciñanza e para o Concello, e di que non poden esquecer que levábase seis anos sen el e CxG presenta alegacións, outro atranco máis para non sacalos adiante, e con respecto á outra alegación, na reunións quedaron en que era moi importante cubrir os postos vacantes e que se ía facer coa RPT e di que confían en que o actual goberno o faga.

Intervén polo grupo municipal CXG a súa voceira dona María Xosé Alfonso Torres que di que lle gustaría saber se hai algún informe de Intervención que analice os anteriores sen acollerse ao que di a Secretaría e o equipo de goberno. O seu grupo quere saber a que se van a destinar os dous centos setenta mil euros de préstamo, que se baixe o IBI ao 0,4, que se explique en que se basean que se vai a ingresar na piscina o mesmo ca nun ano no que non hai pandemia, que se lle asegure á cidadanía que os gobernos amigos da portavoz do PP e da portavoz do PSOE vanlle dar ao Concello de Muros eses catrocentos mil euros cos que están inflados os ingresos segundos os informes de Intervención ou que se lle garanta ao persoal que vai cobrar polas sentenzas. Di que eles quixeron participar na elaboración dos orzamentos e que se lles impediu, e que é curioso que se lles acuse que non quixeron participar na elaboración cando eles estaban no goberno enviaron un borrador de ingresos e gastos a todos os grupos da oposición e que non contestaron, e di que ao seu grupo envíoselle as bases de execución no 2020 e eles si contestaron. E di que só piden que se elabore un orzamento no que Intervención faga polo menos un informe favorable.

---

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira dona María Lago Lestón que di que o debate é se se aceptan ou denegan as alegacións, e entenden que con respecto á alegación do sindicato non se acolle a dereito, inda que o que di non está fóra de lugar. E con respecto á alegación de Compromiso por Galicia, entenden que a insuficiencia de orzamento queda manifesta nos informes de Intervención. E di que no novo informe fala de recurrir a ferramentas de recoñecemento extraxudicial de crédito, que foi un dos grandes atrancos que tiveron nestes últimos seis anos persoal e provedores. Polo que cren que esta alegación si ten fundamento polo que van apoiar que se denegue.

A Sra. alcaldesa di que quere chamar a atención que a Sra. Alfonso de que siga defendendo a súa xestión cando está totalmente fóra de lugar, di que gobernou durante catro anos a base de levantar reparos de Intervención motivados pola falta de orzamento. Sinala tamén que non hai ningunha referencia a ferramentas de recoñecementos extraxudiciais de crédito e di que nos informes di que podería darse a situación de que o crédito fose insuficiente. Di que non hai outro informe que non sexa o conxunto de secretaría-intervención, que os que hai son os da liquidación do exercicio do ano 2020, onde se dá conta do cumprimento e da fortaleza financeira desta entidade e a existencia dun remanente dun millón de euros, pero di que si é verdade probablemente haxa gastos que se saian do presuposto, como a tarifa da luz. E dá paso ás segundas interveccións.

Intervén a voceira do grupo municipal socialista a Sra. González e di que volven a dicir o mesmo, que Compromiso por Galicia foi o número un en reparos neste concello e que é mentira que lles mandou un proxecto de orzamento, mandoulles unha vez o concelleiro, unha folla de ingresos e gastos incompleta. E di que eles pediron en todos os plenos orzamentos e a Sra. Alfonso dicía que non precisaban orzamento e o único que quere é impedir que se elabore e aprobe un presuposto por iso presenta unha alegación.

Intervén a voceira do grupo municipal CXG a Sra. Alfonso que di que ten a sensación de seguir na Alcaldía e indica que con respecto aos reparos de Interevección que en todos os plenos lles chegan reparos do actual mandato, e di que si, que cando gobernaban eles tiñan reparos de Intervención pero non é certo que tiveran máis. Os informes de Intervención para o presuposto do 2021 avisan que os ingresos están inflados en máis de cincocentos mil euros e o novo informe de Intervención con motivo das alegacións tampouco desminte, e só se limita a dicir que como son contías indeterminadas que é imposible consignar cifras no orzamento, di tamén que claro que con este razoamento, tamén sería imposible consignar gastos para a iluminación pública, dos parques e xardíns, dos camiños, dos colecios, de axuda a domicilio, etc. Di se lles parece razoable facer unha estimación no tocante a ingresos e non no tocante a gastos. Indica que a infravaloración dos gastos recollida en todos os informes é motivo de alegación segundo establece o artigo 170 apartado b da Lei de facendas locais. Indica que estaba claro que os dous grupos socios de goberno, PP e PSOE, ían desestimar as alegacións. E di que eles non van ser cómplices dun presuposto con graves advertencias de incumprimentos nos informes de Intervención, e di que non se limitan a pedir un novo informe, nin un novo orzamento, só piden un orzamento que se axuste á realidade.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG, a Sra. Lago que di que só van comentar que como eles se preocupan polo pobo e queren o mellor para Muros non cren que este orzamento sexa o máis beneficioso xa que nos vai pór en situación económica comprometida de novo.

Intervén a Sra. Alcaldesa refiríndose á Sra. Alfonso dicíndolle que lea os informes íntegros e non os extractos que lle interesan, e que calquera escusa lle vale para xustificar que eles non fixeron un orzamento cando estiveron no goberno. O orzamento contempla investimentos moi importantes como a regularización do persoal.

---

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4), do grupo municipal socialista (3), e os votos en contra do grupo municipal CxG (2) e do grupo municipal do BNG (2), adopta o seguinte acordo:

### **Resolución de alegacións e aprobación definitiva do Orzamento Municipal, Bases de Execución do Orzamento e da plantilla e cadro de persoal para o ano 2021**

Formado pola Alcaldía –Presidencia o Proxecto de Orzamento Municipal do 2021 e as súas Bases de Execución contendo a documentación esixida polo artigo 168 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia co 18 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Elaborada a plantilla e o cadro de persoal de acordo co establecido no artigo 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e na Disposicións transitoria segunda do RD 861/1986, do 25 de abril.

Sometido o capítulo 1 de gastos de persoal, a negociación preceptiva ante a Mesa de Negociación do Concello de Muros en sesión celebrada o 21/04/2021, de conformidade ca xurisprudencia do Tribunal Supremo e co establecido nos artigos 33 e 37 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

Formulada Memoria da Alcaldía contendo as modificacións mais importantes respecto do orzamento vixente no ano 2020.

Emitido, ao amparo do establecido no artigo 168.1.e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, informe económico –financeiro de intervención núm. 80/2021 do 19/04, no que expoñen as bases empregadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e , en consecuencia, a efectiva nivelación do Orzamento.

Emitido informe de Intervención núm.81/2021 do 16/04, ao amparo do disposto no artigo 4.1. do RD 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional, así como o informe núm.82/2021, do 26/04 sobre a avaliación do cumprimento do principio de estabilidade.

Aprobado inicialmente o orzamento municipal, Bases de Execución do Orzamento e do plantilla e cadro de persoal para o ano 2021 en sesión plenaria de data 6 de maio de 2021

Visto que dito acordo foi publicado, ós efectos de exposición pública e por un período de 15 días hábiles no BOP nº88 de 12 de maio de 2021

Visto que no período de exposición pública, se presentaron dos alegacións/reclamacións a aprobación inicial do orzamento municipal, tal e como resulta da certificación realizada pola Secretaría Xeral da corporación en data 8 de xuño de 2021 e que son as seguintes:

- Alegación con rexistro de entrada número: REGAGE21e00008174873 e de data 22/05/21

Presentada por LOURDES PEDRAZUELA BEA en representación de FEDERACIÓN DE EMPLEADOS PÚBLICOS DE U.S.O.

---

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

- Alegación con rexistro de entrada número: 202199900001053 de data 03/06/2021 presentada por MARÍA XOSÉ ALFONSO TORRES concelleira do grupo municipal CXG e veciña do concello de Muros.

Visto que con data 16 de xuño de 2021 emitíuse informe conxunto de secretaria intervención sobre as alegacións presentadas

Visto o ditame favorable da comisión informativa, o pleno da corporación adopta os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Non admitir a alegación á aprobación inicial do orzamento Xeral do concello de Muros para o exercicio 2021 e presentada por Lourdes Pedrazuela Bea en representación de Federación de empregados públicos de U.S.O polos motivos expresados no Informe conxunto de secretaria intervención de data 16 de xuño de 2021, do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do presente Acordo.

**SEGUNDO.** Desestimar a alegación á aprobación inicial do orzamento Xeral do concello de Muros para o exercicio 2021 presentada por María Xosé Alfonso Torres en polos motivos expresados no Informe conxunto de secretaria intervención de data 16 de xuño de 2021, do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do presente Acordo.

**TERCEIRO.** Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Muros (A Coruña) e as súas Bases de Execución para o exercicio 2021, sen déficit nin superávit inicial, sendo os seus Estados de Gastos e Ingresos resumidos por capítulos os seguintes:

#### ESTADO DE GASTOS

Capítulo	Expresión	Crédito Inicial (€)
1	Gastos de persoal	3.968.148,43
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.758.038,75
3	Gastos financeiros	50.641,19
4	Transferencias correntes	899.965,82
	<b>Total operacións correntes</b>	<b>6.676.794,19</b>
6	Investimentos reais	1.060.284,14
7	Transferencias de capital	0,00
	<b>Total operacións de capital</b>	<b>1.060.284,14</b>
	<b>Total operacións non financeiras</b>	<b>7.737.078,33</b>
8	Activos financeiros	12.000,00
9	Pasivos financeiros	83.215,09
	<b>Total operacións financeiras</b>	<b>95.215,09</b>
	<b>TOTAL ESTADO DE GASTOS</b>	<b>7.832.293,42</b>

#### ESTADO DE INGRESOS

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257





CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

Capítulo	Expresión	Crédito Inicial (€)
1	Impostos directos	2.088.925,68
2	Impostos indirectos	100.000,00
3	Taxas e outros ingresos	897.797,28
4	Transferencias correntes	3.730.058,34
5	Ingresos patrimoniais	8.800,68
	<b>Total operacións correntes</b>	<b>6.825.581,98</b>
6	Enaxenación de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	722.340,10
	<b>Total operacións de capital</b>	<b>722.340,10</b>
	<b>Total operacións non financeiras</b>	<b>7.547.922,08</b>
8	Activos financeiros	12.000,00
9	Pasivos financeiros	272.371,34
	<b>Total operacións financeiras</b>	<b>284.371,34</b>
	<b>TOTAL ESTADO DE INGRESOS</b>	<b>7.832.293,42</b>

**CUARTO.** Aprobar definitivamente a plantilla e o cadro de persoal, do exercicio 2021, tramitado conxuntamente co Orzamento Municipal

**QUINTO.** Publicar a aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia resumido por capítulos, a efectos da súa entrada en vigor e remitir una copia do mesmo á Administración do Estado e á órgano de goberno da Comunidade Autónoma do Orzamento Municipal, e dita remisión deberase realizar simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial da Provincia do anuncio descrito anteriormente

**Terceiro. Moción presentada polo grupo municipal do BNG sobre apoio a comunidade LGTB+**

Intervén a señora alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero, para indicar que traen unha emenda de substitución ao dictame da comisión informativa que é facer unha declaración institucional que todos e todas poidan aprobar e por iso lle pregunta a señora Lago si está disposta a que se elimine do punto da orde do día o dictame da comisión informativa e que se substitúa polo manifesto de apoio as persoas LGTBIQ+ redactado pola Fegamp.

A voceira do grupo municipal do BNG, a Sra Lago, di que non van aceptar a modificación da súa proposta porque eles presentaron unha moción pensando nas necesidades que ten o colectivo no noso concello e está emenda é un modelo xenérico para todos os concellos elaborado pola FEGAMP.

Interven a señora Secretaria, dona María Ofir Aboy García para dicir que o punto incluído na orde do día é o que está dictaminado en comisión informativa e que procede debater o mesmo.

*O Ditame da Comisión Informativa Permanente de Benestar Social, Muller e Sanidade e do teor literal seguinte:*

---

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

*O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.*

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O 28 de xuño de 1969 tiveron lugar os disturbios de Stonewall nos Estados Unidos, e cada 28 de xuño conmemórase e celébrase a valentía daquel grupo de persoas que lle plantaron cara a brutal represión policial que recibían pola súa condición sexual ou pola súa identidade de xénero, e polo tanto, dende ese día conmemórase o Día Internacional do Orgullo LGBTQ+.*

*A necesidade de visibilizar as sexualidades e identidades de xénero disidentes coa cisheteronorma continúa a estar plenamente vivente, máis aínda cando as persoas soportan o estigma da patoloxización que lles dificulta a súa vida diaria.*

*Atopámonos a día de hoxe nunha situación na que o discurso da extrema dereita se ve reforzado e validado en certos sectores da sociedade, e como consecuencia estamos a vivir un aumento da LGBTQfobia que xa tería que estar erradicada na nosa sociedade fai tempo.*

*Non nos podemos esquecer de que nestes meses de confinamento houbo persoas que tiveron que ocultar como son por vivir encerradas nas casas cos seus familiares, persoas que teñen medo de expresarse con naturalidade porque o seu entorno non comprende a súa maneira de ser, persoas que teñen que facer unha pantomima porque no seu propio fogar non son libres.*

*Cómpre que as institucións democráticas manifesten o seu apoio ás reivindicacións da comunidade LGBTQ+, posto que falta aínda por conquistar unha igualdade real e unha normalización social que combata un sistema que incrimina a diversidade e a liberdade para decidir. É por iso que o apoio social e institucional ao recoñecemento que propón o movemento LGBTQ+ debe ser máis forte aínda neste contexto particular. Nesta, coma noutras cuestións, a sociedade non pode retroceder nin consentir o retorno á invisibilidade e a espazos dominados pola hipocrísia e a dupla moral. O compromiso coa consecución da igualdade a todos os efectos das persoas LGBTQ+ non debe consistir só na adhesión e apoio pasivo ás demandas destes colectivos, sería unha falta de responsabilidade política cara ao conxunto da cidadanía non actuar adoptando medidas activas que persigan a fin da discriminación. Os obxectivos serían unha educación na igualdade, no respecto e a posta en valor da diversidade, no apoio as persoas vítimas de discriminación, na colaboración coas asociacións LGBTQ+ co fin de conseguir unha sociedade máis xusta, baseada no respecto e na igualdade de todas as persoas.*

*Por estes motivos, a corporación local de Muros adopta o seguinte*

**Acordo:**

**PRIMEIRO.** *Manifestar dende o Concello de Muros o compromiso a contribuír á integración e á normalización da comunidade LGBTQ+, para garantir o dereito de todas as persoas a seren tratadas sempre con respecto independentemente da súa orientación sexual ou identidade de xénero.*

**SEGUNDO.** *Instar ao concello de Muros ao estudo e posta en marcha dun servizo de asesoramento legal, de asistencia psicolóxica e de orientación laboral para as persoas LGBTQ+ dende o Concello. Para iso é necesario un plan de formación destinado ao funcionariado municipal para garantir unha atención axeitada as persoas do colectivo.*

---

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

*TERCEIRO. Instar ao Concello de Muros a elaborar un programa a nivel municipal que leve aos colexios e institutos palestras, obradoiros e proxectos que teñan como temática central o ámbito LGBT+, sempre contando coas asociacións do país adicadas o colectivo. Fomentando especialmente a formación do profesorado e persoal administrativo dos centros de ensino e facer ao alumnado axentes directos desta formación.*

*CUARTO. Unha maior implicación do Concello na campaña que fai a Deputación da Coruña polo Orgullo, a campaña "Liberdade de ser e sentir", non serve de nada por o logo do Concello como adscrito se despois realmente non das a coñecer as accións que realizaron ou os recursos que facilitaron.*

*QUINTO. Instar ao Concello de Muros a dispoñer na biblioteca pública dunha sección de recursos audiovisuais e escritos específicos; apoiar os proxectos culturais e artísticos locais de temática LGBT+ que poidan existir; organizar en conxunto coas asociacións LGBT+ actividades como ciclos de cine destinados a toda a cidadanía.*

*SEXTO. Pendurar no balcón da fachada do concello unha bandeira do Orgullo dun tamaño visible. Senón fora posible conseguir unha bandeira grande sempre se pode recorrer a cintas coas cores que se enrosquen nas reixas do balcón.*

*SÉTIMO. Habilitar cada vez máis espazos para facer visibles os símbolos que identifican o colectivo LGBT+, de maneira que formen parte do paisaxe do día a día para facer esta reivindicación extensiva a todo o ano.*

*OITAVO. Instar a Xunta de Galiza que retome e faga efectivo o decreto 131/2018 do 10 de outubro, polo cal se ía crear e regular un Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero pero nunca se fixo efectivo.*

*Dilixencia de Secretaría para facer constar que os puntos segundo, terceiro e quinto da moción presentada polo grupo municipal do BNG son rogos e polo tanto non se poderán votar e si se votan non terán efectos resolutorios.*

A Sra. alcaldesa presenta polo seu grupo, unha enmenda de substitución dos puntos da moción presentada polo BNG xa que os puntos segundo, terceiro, e quinto recollidos nela son rogos e os outros veñen resumidos nesta enmenda que presentan. Di que eles xa se manifestou na comisión informativa non están de acordo co escrito presentado polo BNG, di que semella que o goberno non fai nada e non fai nada ó respecto, como por exemplo compartir a información da Deputación que xa lle indicou que as compartiu dous días despois que as publicara a propia páxina da Deputación

*Enmenda presentada polo grupo municipal popular:*

*Acordos:*

*1.- Manifestar dende o concello de Muros o compromiso a contribuir á integración e á normalización da comunidade LGTB+ dende o concello, favorecendo a participación do persoal municipal, sinaladamente o pertencente á Policía Local e Servizos Sociais, na formación destinada a garantir unha atención axeitada ás persoas deste colectivo.*

*2.- Pendurar no balcón da fachada do concello unha bandeira do orgullo ou similar e procurar á habilitación de espazos públicos non que con carácter simbólico se faga visible esta sinalización.*

---

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG a Sra. Lago que di que a Deputación publica a presentación da campaña do orgullo o día 7 de xuño e di que son 85 concellos os que van a participar nela, e dende o concello non se fai unha comunicación oficial de que está adscrito á campaña nin na páxina web nin a través da prensa nin nas redes sociais e eles saben que está o concello adscrito porque directamente contactaron ca Deputación para preguntar. Dende a presentación da campaña o Concello só fixo unha publicación, o 19 de xuño, relacionada con algún dos recursos que puso a disposición a Deputación e o fan a través da páxina de Facebook, sen poñer nada explicativo, quere lembrar que poñía algo así como conceptos que compre coñecer, nada que amose unha implicación do Concello con esta campaña. Di que curioso é que comparte o video sete días despois, non dous, podense ver na canle, porque esas cousas quedan gravadas, e está publicado na canle de Youtube o 11 de xuño e vostedes o publican o día 19, sete días despois de que a Deputación o sacara á luz. Interven a señora alcaldesa que amosa o seu mobil e di “o dezasete de xuño publicado na páxina dos servizos sociais da Deputación de A Coruña” segue a súa intervención a señora Lago que di que si abre o video o ten publicado o día 11 que é o día que se subiu á rede. O mais curioso e que sexa o día seguinte ao que o BNG organice un acto sobre o colectivo LGTB, un acto que por certo se lle puso na páxina web do Facebook se o poderían compartir e non o compartiron e di que tiveron “a santa cara” de decir que non estaba o enlace. E di que xa que o concello non promocionou nada sobre a campaña ser e sentir, eles intentaron promocionala pero non é o BNG que está adscrito, a promocionaron porque lles parece algo moi útil e necesario pero é o concello o que está adscrito a esa campaña e ten obriga de compartilo e xa que está implicarse. Eles non puxeron en ningún lado que o concello non se implica foi vostede o que nos acusou de dicir que non facían nada pero xa que o dí, non fixeron nada sobre a campaña.

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira dona Caridad González Cerviño que di que eles non van a entrar nesta pelea que non é unha pelea súa. Di que foron eles os que aprobaron a lei e van a apoiar en todo o posible as comunidades LGTB+. Di que lles parece moi interesante o programa da Deputación, cree que non houbo ningunha queixa dende o concello e lle parece que todo o que se faga está ben. Di que eles non van a apoiar esta Moción posto que dende o BNG están dando a entender como eles o farían e eles non van a xogar a iso e quere deixar claro que eles foron os que aprobaron esa lei e que están dacordo en aprobar a comunidade LGTB+.

Intervén polo grupo municipal CXG dona María Xosé Alfonso Torres para dicir que eles non teñen ningún problema en que sexa o BNG quen o propón e que as actividades sexan as que faría o BNG, parecenos ben, concordan con eles e van a apoiar a moción.

Intervén a alcaldesa dona María Inés Monteagudo Romero para dicir que eles non van a apoiar a moción. Entende que non se quere chegar nin a acordos nin a dialógos, xa que aceptarían algunha das súas propostas. Di que non é certo parte do que din. A Secretaría Xeral de Igualdade constituiu un observatorio contra a discriminación sexual e igualdade de xénero en xuño do ano 2019 e polo tanto pouco máis teñen que dicir. Asumen como propia o Manifesto da Fegamp, apoían ó colectivo, cuestión que no noso concello está normalizada ou aparentemente iso é así, porque se ve e se vive e tratarán como a todos os colectivos apoíalos na medida que se poda e di que o que non van a facer é asumir os postulados do BNG na súa posición de goberno.

Intervén a voceira do grupo municipal do BNG, a señora dona María Lago Lestón que di que cando presentaron esta moción na comision informativa o primeiro que preguntou e se alguén quería facer algunha aportación e na comisión informativa ninguén fixo ningunha aportación, lle dí a alcaldesa que si é certo que se posicionou en contra do punto da Deputación e polo demais ningún grupo fixo ningunha aportación. Di que eles estaban dispostos a escoitar pero o que non están dispostas é a que se recorte a moción que é o que pretende facer ca súa enmenda, que non

---

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

pretende engadir ou completar ou apoiar algo, o que pretende é recortar. Quere preguntar a voceira do grupo municipal socialista que é o que ve mal dos acordos e se hai algo que non coincida ca campaña ser e sentir que se propón dende o seu partido na Deputación, porque BNG e PSOE coinciden na Deputación xa que son puntos de acordo dos dous partidos e dicir que non o fai porque é a forma de facelo do BNG, e lle di que nesa forma do BNG tamén está o PSOE e o mellor o que pasa é que o PSOE de Muros non é PSOE.

Intervén a voceira do grupo municipal socialista, a señora dona Caridad González Cerviño para dicir si será que o BNG de Muros non é BNG e será outra cousa. Di que eles están completamente dacordo co Plan da Deputación de A Coruña, que o coñece perfectamente e non coincide cas propostas que está a facer o BNG con esta moción, que as da Deputación son moito máis amplias que estas. Di que están indo ao extremo, que se quere normalizar unha cousa e dende o BNG saen outro tipo de cousas e a ver si a normalizalo imos a desnormalizalo. Di que se vai a facer un punto e aparte na Biblioteca onde hai que poñer escritos específicos. Hai que normalizar a situación por iso non imos a apoiar esta moción porque non é o que se propón pola Fegamp e pola Deputación da Coruña.

Intervén polo grupo municipal CXG a súa voceira, dona María Xosé Alfonso que di que non ten máis que engadir e que cre que queda moi claro cas intervencións as posturas de cada quen.

Rematadas as intervencións se procede a votar a enmenda de substitución proposta polo grupo municipal popular co seguinte resultado

Votos a favor: PP. (4)

Votos en contra: BNG e CXG (4)

Abstencións: PSOE (3)

Ao acadar a votación o resultado de empate se volve a votar a enmenda de substitución proposta polo grupo municipal popular, con idéntico resultado, quedando aprobada a enmenda de substitución áo dítame da comisión informativa co voto de calidade da señora alcaldesa presidenta, quedando enmendando o dicame da comisión informativa e sendo o acordo do pleno da corporación, dacordo co resultado da votación é o seguinte:

*Moción presentada polo grupo municipal do BNG de apoio á comunidade LGTB+ enmendada polo grupo municipal popular*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O 28 de xuño de 1969 tiveron lugar os disturbios de Stonewall nos Estados Unidos, e cada 28 de xuño conmemórase e celébrase a valentía daquel grupo de persoas que lle plantaron cara a brutal represión policial que recibían pola súa condición sexual ou pola súa identidade de xénero, e polo tanto, dende ese día conmemórase o Día Internacional do Orgullo LGBT+.*

*A necesidade de visibilizar as sexualidades e identidades de xénero disidentes coa cisheteronorma continúa a estar plenamente vivente, máis aínda cando as persoas soportan o estigma da patoloxización que lles dificulta a súa vida diaria.*

---

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

*Atopámonos a día de hoxe nunha situación na que o discurso da extrema dereita se ve reforzado e validado en certos sectores da sociedade, e como consecuencia estamos a vivir un aumento da LGBTfobia que xa tería que estar erradicada na nosa sociedade fai tempo.*

*Non nos podemos esquecer de que nestes meses de confinamento houbo persoas que tiveron que ocultar como son por vivir encerradas nas casas cos seus familiares, persoas que teñen medo de expresarse con naturalidade porque o seu entorno non comprende a súa maneira de ser, persoas que teñen que facer unha pantomima porque no seu propio fogar non son libres.*

*Cómpre que as institucións democráticas manifesten o seu apoio ás reivindicacións da comunidade LGBT+, posto que falta aínda por conquistar unha igualdade real e unha normalización social que combata un sistema que incrimina a diversidade e a liberdade para decidir. É por iso que o apoio social e institucional ao recoñecemento que propón o movemento LGBT+ debe ser máis forte aínda neste contexto particular. Nesta, coma noutras cuestións, a sociedade non pode retroceder nin consentir o retorno á invisibilidade e a espazos dominados pola hipocrísia e a dupla moral. O compromiso coa consecución da igualdade a todos os efectos das persoas LGBT+ non debe consistir só na adhesión e apoio pasivo ás demandas destes colectivos, sería unha falta de responsabilidade política cara ao conxunto da cidadanía non actuar adoptando medidas activas que persigan a fin da discriminación. Os obxectivos serían unha educación na igualdade, no respecto e a posta en valor da diversidade, no apoio as persoas vítimas de discriminación, na colaboración coas asociacións LGBT+ co fin de conseguir unha sociedade máis xusta, baseada no respecto e na igualdade de todas as persoas.*

Por estes motivos, o pleno da corporación adopta o seguinte

Acordo:

- 1.- Manifestar dende o concello de Muros o compromiso a contribuir á integración e á normalización da comunidade LGTB+ dende o concello, favorecendo a participación do persoal municipal, sinaladamente o pertencente á Policía Local e Servizos Sociais, na formación destinada a garantir unha atención axeitada ás persoas deste colectivo.
- 2.- Pendurar no balcón da fachada do concello unha bandeira do orgullo ou similar e procurar á habilitación de espazos públicos non que con carácter simbólico se faga visible esta sinalización.

#### **Cuarto. Moción presentada polo grupo municipal popular relativo ao recurso interposto polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico a respecto do Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o período 2021-2023**

Intervén a señora alcaldesa, dona María Inés Monteagudo Romero, que di que consta ditame favorable da comisión informativa que é do seguinte teor literal:

*“Ditame da Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, Obras, Servizos e Medio ambiente*

*O Grupo Municipal Popular do Concello de Muros, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa ao recurso interposto polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico a respecto do Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o período 2021-2023*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

---

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

*O Goberno central vén de protagonizar un novo ataque inxustificado ao complexo mar-industria de Galicia e, nesta ocasión moi en particular, directamente ao labor das mariscadoras e mariscadores galegos.*

*Así aconteceu tras coñecerse o recurso contencioso-administrativo presentado polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e dirixido a derrogar o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o período 2021-2023.*

*O Executivo que preside Pedro Sánchez argumenta a súa impugnación na necesidade dun informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral da Costa e o Mar para o outorgamento de zonas de explotación marisqueira, en réxime de autorización ou concesión, un requisito que xamais foi pedido desde que existen os plans xerais de explotación marisqueira, que entraron en vigor nos anos 90.*

*Galicia explicou a improcedencia desta petición e aclarou, na resposta ao requirimento previo á presentación do recurso, que a orde pola que se aproba o plan non outorga zonas de explotación marisqueira, nin en réxime de autorización nin de concesión, polo que non é necesario o informe sobre a ocupación do dominio público marítimo-terrestre.*

*Cómpre salientar igualmente que o plan de explotación marisqueira para os anos 2021-2023 segue a liña dos plans anuais aprobados desde o anos 90, para os que tampouco se requiría ese informe e que en ningún momento foron recorridos polo Goberno central.*

*Resulta especialmente grave que desde o Executivo central –gobernado en coalición polo PSOE e Unidas Podemos- poñan en dúbida un sistema de xestión consensuado cos profesionais do sector e que ten demostrado a súa eficacia para regular a actividade marisqueira de maneira ordenada, sustentable e respectuosa co medio ambiente desde hai décadas.*

*Cómpre salientar de igual xeito que a ausencia desta regulación complicaría o desenvolvemento normal da actividade e supón poñer en risco a actividade das máis de 3.700 persoas que se dedican ao marisqueo a pé en Galicia -das que máis do 74% son mulleres- e das arredor de 5.000 persoas que traballan no marisqueo desde embarcación, así como a propia organización do traballo e a súa correcta xestión en termos de sostibilidade ambiental, social e económica.*

*De anularse o plan vixente, unha decisión política do Goberno central tiraría por terra meses de traballo das confrarías e asociacións marisqueiras do sector que participaron no deseño e elaboración dos 94 plans de xestión vixentes actualmente e incluídos no Plan Xeral de Explotación Marisqueira 2021-2023.*

*Ante a gravidade da situación e un suposto evidente de invasión por parte dos actuais responsables do Goberno de España das competencias exclusivas de Galicia, resulta necesario que a Xunta de Galicia, desenvolva as accións precisas para defender ata as últimas instancias os intereses do sector e un modelo de xestión dos recursos con décadas de historia e baseado na conxestión dos recursos que ten demostrado a súa eficacia.*

*Por todo o anterior, o Grupo Municipal Popular no concello de Muros eleva ao Pleno a adopción do seguinte acordo:*

*O Concello de Muros acorda:*

---

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

1º.- *Dirixirse ao Goberno central para que retire, de xeito inmediato, o recurso contencioso-administrativo presentado polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e dirixido a derrogar o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o período 2021-2023.*

2º.- *Manifestar a súa oposición ante un novo ataque inxustificado do Goberno de España ao complexo mar-industria de Galicia e, nesta ocasión moi en particular, directamente ao labor das mariscadoras e mariscadores galegos.*

3º.- *Apoiar á Xunta de Galicia e ao sector marítimo-pesqueiro no desenvolvemento das accións precisas para defender ata as últimas instancias os intereses do sector marisqueiro galego e un modelo de xestión dos recursos autónomo, con décadas de historia e baseado na conxestión dos recursos que ten demostrado a súa eficacia."*

Segue a súa intervención a alcaldesa para dicir que presentan esta moción porque a Orde polo que se aproba o Plan non outorga a zonas de explotación marisqueira nin en réxime de autorización nin de concesión que si precisaría dese informe preceptivo que é necesario e a Orde o unico que fai e marcar unha serie de normas e directrices destinadas a regular e programar a explotación sustentable dos recursos marisqueiros nas diversas zonas de explotación xa existentes, como se ven facendo dende os anos 90 sen que o goberno recurrise a este tipo de Plans. Di que a maioría do sector se personou neste recurso xunto coa Xunta de Galicia e cree que é necesario, dado o número de colectivos de mariscadoras e mariscadores que temos no noso concello, posicionarse de algunha maneira.

Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira que dí que o seu grupo quere presentar unha enmenda que consiste en engadir un punto máis ó acordo e lee a enmenda que é o do teor literal seguinte:

*Enmenda para engadir presentada polo grupo municipal do BNG*

4.- *Instar á Xunta de Galiza á activación da Comisión de Transferencias co obxecto de iniciar o procedemento para o traspaso das competencias pendentes en Galiza, nomeadamente e tal e como se acordou polo pleno do Parlamento Galego no mes de marzo, a xestión do dominio público marítimo-terrestre e a ordenación do sector pesqueiro e de investigación oceanográfica.*

Segue a intervención a voceira do grupo municipal do BNG a señora Lago dicindo que o resto da moción eles non a van a cortar, que son máis de engadir algo máis que de quitar a ninguén nada e o que propoñen e engadir este punto ao final do acordo

Intervén a señora alcaldesa, para dicir que por eles non hai ningún problema, que este é un acordo que se adoptou xa no Parlamento de Galicia co voto a favor do grupo popular e non ten ningún problema en engadilo

Se vota a inclusión da enmenda a engadir na moción e por unanimidade dos membros presentes se acorda incluír ao final do acordo a enmenda presentada polo grupo municipal do BNG

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira dona Caridad González Cerviño para dicir que eles xa dixeron na comisión informativa que non estaban dacordo ca moción. Di que basicamente están dacordo co fondo do asunto por iso teñen votado a favor da enmenda do BNG pero a alma da moción non é o traspaso de competencias á Comunidade Galega senón que creen que o fondo da moción é requirir ao goberno de España a que retire o recurso presentado. Di que o tema é que o goberno lle requiriu a Xunta para que presentara un informe e a Xunta de Galicia

---

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257





CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

entende que non o ten que presentar e Madrid di que o hai que presentar e o problema que hai agora mesmo non é sobre o traspaso de competencias, o problema é que houbo unha modificación de prazo e por iso agora di a lei que hai que presentar ese informe e por iso o Ministerio presentou o recurso e están nas mans da xustiza, co cal hai que deixar actuar á xustiza e que resolvan eles. Di que é un defecto de forma, nada ten que ver con esto, eles están dacordo con que se fagan o traspaso da competencia á Galicia pero non é o que está a dicir a moción. O que se di é que se requira ao goberno de España para que retire o recurso, e o goberno de España non creen que vaia a retirar o recurso porque se a lei di que hai que presentar un informe e este non está, o goberno ten que instar o polo menos intentar que se faga en conformidade ca legalidade. Remata dicindo que eles non van a apoiar esta moción aínda que si di que apoian o fondo da mesma que volve a dicir que non é o que se trae aquí.

Intervén polo grupo municipal CXG a súa voceira dona María Xosé Alfonso Torres para dicir que eles apoían o fondo da moción e apoían ao sector marisqueiro e lles consta ademáis que está bastante disgustado con esta historia e di que por iso van a apoiar a moción.

Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira dona María Lago Lestón para dicir que por un lado a competencia de marisqueo e unha competencia propia de Galicia e non do Estado, é competencia do estado a ordenación do sector pesqueiro, pero o marisqueo e competencia da Xunta de Galicia e está así recollido no artigo 27 do Estatuto. Di que o plan de explotación marisqueira non da ningunha zona nova, crea unha serie de normas e regras para explotar as zonas que xa hai e xa se están utilizando. Di que este informe debería ser requirido cando se pide autorización para unha nova zona, non para as zonas nas que se está traballando. Di que lles consta que foi este un Plan que se elaborou principalmente polas Cofradías e tamén toca as do noso concello e lles está influíndo gravemente e non aprobar o Plan, porque agora está parado por este tema, suporía un grave perxuízo a todo o sector. Que se amplie o prazo, e que pase a ser trianual en vez de anual non é unha condición que faga que se requira o informe e así está posta na Lei de Costas. Di que o estado se está atribuíndo unhas competencias que non lle son propias e iso considerán que é algo que a Xunta ten que reclamar e como xa dixeron na comisión, esta moción si a van a apoiar.

Rematadas as intervencións, o pleno da corporación, cos votos a favor do grupo municipal popular (4) o grupo municipal CXG (2) e grupo municipal do BNG (2) e a abstención do grupo municipal socialista (3) adoptan os seguintes acordos:

Moción presentada polo grupo municipal popular relativo ao recurso interposto polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico a respecto do Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o período 2021-2023 enmendada polo grupo municipal do BNG

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*O Goberno central vén de protagonizar un novo ataque inxustificado ao complexo mar-industria de Galicia e, nesta ocasión moi en particular, directamente ao labor das mariscadoras e mariscadores galegos.*

*Así aconteceu tras coñecerse o recurso contencioso-administrativo presentado polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e dirixido a derrogar o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o período 2021-2023.*

*O Executivo que preside Pedro Sánchez argumenta a súa impugnación na necesidade dun informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral da Costa e o Mar para o outorgamento de zonas de*

---

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

*explotación marisqueira, en réxime de autorización ou concesión, un requisito que xamais foi pedido desde que existen os plans xerais de explotación marisqueira, que entraron en vigor nos anos 90.*

*Galicia explicou a improcedencia desta petición e aclarou, na resposta ao requirimento previo á presentación do recurso, que a orde pola que se aproba o plan non outorga zonas de explotación marisqueira, nin en réxime de autorización nin de concesión, polo que non é necesario o informe sobre a ocupación do dominio público marítimo-terrestre.*

*Cómpre salientar igualmente que o plan de explotación marisqueira para os anos 2021-2023 segue a liña dos plans anuais aprobados desde o anos 90, para os que tampouco se requiría ese informe e que en ningún momento foron recorridos polo Goberno central.*

*Resulta especialmente grave que desde o Executivo central –gobernado en coalición polo PSOE e Unidas Podemos- poñan en dúbida un sistema de xestión consensuado cos profesionais do sector e que ten demostrado a súa eficacia para regular a actividade marisqueira de maneira ordenada, sustentable e respectuosa co medio ambiente desde hai décadas.*

*Cómpre salientar de igual xeito que a ausencia desta regulación complicaría o desenvolvemento normal da actividade e supón poñer en risco a actividade das máis de 3.700 persoas que se dedican ao marisqueo a pé en Galicia -das que máis do 74% son mulleres- e das arredor de 5.000 persoas que traballan no marisqueo desde embarcación, así como a propia organización do traballo e a súa correcta xestión en termos de sostibilidade ambiental, social e económica.*

*De anularse o plan vixente, unha decisión política do Goberno central tiraría por terra meses de traballo das confrarías e asociacións marisqueiras do sector que participaron no deseño e elaboración dos 94 plans de xestión vixentes actualmente e incluídos no Plan Xeral de Explotación Marisqueira 2021-2023.*

*Ante a gravidade da situación e un suposto evidente de invasión por parte dos actuais responsables do Goberno de España das competencias exclusivas de Galicia, resulta necesario que a Xunta de Galicia, desenvolva as accións precisas para defender ata as últimas instancias os intereses do sector e un modelo de xestión dos recursos con décadas de historia e baseado na conxestión dos recursos que ten demostrado a súa eficacia.*

O pleno da corporación adopta os seguintes acordos:

1º.- Dirixirse ao Goberno central para que retire, de xeito inmediato, o recurso contencioso-administrativo presentado polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e dirixido a derrogar o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o período 2021-2023.

2º.- Manifestar a súa oposición ante un novo ataque inxustificable do Goberno de España ao complexo mar-industria de Galicia e, nesta ocasión moi en particular, directamente ao labor das mariscadoras e mariscadores galegos.

3º.- Apoiar á Xunta de Galicia e ao sector marítimo-pesqueiro no desenvolvemento das accións precisas para defender ata as últimas instancias os intereses do sector marisqueiro galego e un modelo de xestión dos recursos autónomo, con décadas de historia e baseado na conxestión dos recursos que ten demostrado a súa eficacia

---

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

4.- Instar á Xunta de Galiza á activación da Comisión de Transferencias co obxecto de iniciar o procedemento para o traspaso das competencias pendentes en Galiza, nomeadamente e tal e como se acordou polo pleno do Parlamento Galego no mes de marzo, a xestión do dominio público marítimo-terrestre e a ordenación do sector pesqueiro e de investigación oceanográfica.

## **B. Mocións de urxencia**

Non hai.

## **C. Parte de control dos órganos de goberno e fiscalización da xestión dos órganos municipais de Goberno**

**Quinto.** Dar conta das resolucións da Alcaldía núm. 558 do 21 de maio de 2021, ata a núm. 692 de 18 de xuño de 2021, das Xuntas de Goberno Local núm 14 de 21 de maio de 2021, núm. 15 de 4 de xuño de 2021 e núm. 16 de 15 de xuño de 2021 e das resolucións contrarias aos reparos formulados pola intervención municipal.

## **Sexto. Rogos e preguntas**

### **Contestación aos rogos e preguntas formuladas polo grupo municipal socialista:**

O grupo socialista preguntou pola contratación de brigadas de limpeza de praias, polo estado dos parques e colocación de papeleiras.

A Sra. alcaldesa responde que está en proceso de contratación a brigada de lumes, a de limpeza de praias e o persoal para as oficinas de turismo e o servizo de socorrismo. E adjudicouse a reparación dos parques por un importe de corenta mil eurose vanse renovarse as pezas danadas. E en canto ás papeleiras tratarán de presentar unha proposta.

Preguntou polo poste da luz detrás da de Margarita en Baño e xa o foron mirar e van a substituílo.

Preguntou pola rede da pista de pádel e di que se fixo un arreglo provisional porque se encargou unha rede nova e inda non chegou.

E preguntou por un pivón na Maruca e di que foi un accidente de tráfico e que están esperando a ver o que di o seguro.

### **Contestación aos rogos e preguntas formuladas polo grupo municipal CXG:**

A Sra. alcaldesa di que o grupo de CxG preguntou polos pasais da Salina, e di que xa preguntara o BNG e xa se constestara no pleno anterior.

Preguntou pola furgoneta de transporte adaptado, e di que si ten moitos problemas, e que teñe dificultades para conseguir fianciación para este tema.

Preguntou pola beirarrúa entre Abelleira e Tal, e di que valorarán levalo a un POS.

---

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

### **Contestación aos rogos e preguntas formuladas polo grupo municipal BNG:**

Sinala que o grupo do BNG preguntou polo poste de Abelleira, e responde que como ben saben, están traballando nel, e en canto ao sinal de TV, están tramitando con Patrimonio a situación exacta.

Preguntou polos campamento de conciliación, e contesta que están xa en marcha, tanto os de conciliación coma os do verán, hai dispoñibles 112 prazas para os de verán e 24 para os de conciliación, e presentáronse 195 solicitudes, que se concentran maioritariamente en Muros e no mes de xullo, polo que tratarán de cavidar a maior número posible de rapaces pero as prazas son as que son, e os períodos son os que son.

Di que a limpeza de praias está en marcha.

Preguntou polo proxecto Apego, e di que analizarán a súa reactivación, e que é dos moitos programas nos que participa o Concello e que está suspendido.

E no día anterior, preguntou polo parque eólico do Cabazo, e fixeron consulta, e o proxecto está nunha fase inicial de cosnutla de impacto ambiental, e nesa fase, a Xunta emitiu un informe desfavorable e que non se vai tramitar ningún tipo de autorización para a súa instalación.

Pregunta tamén se presentaron alegacións, e contesta que polo momento non, porque non está en período de alegacións, teñen contacto con entidades medio ambientais que lles achegan modelos de alegacións, pero valorarán de facelo de ser preciso.

E en canto á última pregunta sobre a opinión sobre o expolio eléctrico e afectación á nosa vila, entende que é un xuízo de valor da portavoz do BNG, e non a van a dar, pero o que si van facer é defender os intereses da nosa vila e da nosa veciñanza.

### **Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal socialista:**

A Sra. González di que empezará cun rogo, que a estrada de arriba de Muros está en moi mal estado, e que se revise.

Pregunta se se reanudou algún conversa con Espina y Delfín.

Queren saber cantas solicitudes hai no concello de modificación do PXOM. E a Sra. alcaldesa contesta que a ela que lle conste, ningunha.

Pregunta como vai o dos pregos do bar San Francisco.

Pregunta se é certo que se está a tramitar no concello a licenza para construír uns pisos na entrada de Muros. E a Sra. alcaldesa constesta que non ten constancia.

### **Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal CXG:**

A Sra. alcaldesa dá paso á intervención da Sra. Alfonso:

---

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

Di que no pleno de abril estaba en negociación dunha parcela de 180 m para instalar un parque infantil ao lado da escola de Tal, queren saber como están as negociacións.

E no mesmo pleno, di que lle rogo que miraran as árbores que están xunta á caseta de Turismo en Esteiro, e se o podía arreglar.

Pregunta se teñen previsto facer cursos de lingua de signos que se desenvolvían na sala Nasmo.

E pregunta como vai o tema da RPT.

### **Rogos e preguntas formuladas nesta sesión polo grupo municipal BNG:**

A voceira do grupo municipal do BNG, a Sra Lago di que van a comezar polo poste de Ventín, outra vez, xa que leva meses vallado, e hoxe volveron a ter a mesma resposta, e volve preguntar por que está parada a obra, porque hoxe estaban sen traballar. A Sra. alcaldesa contesta que están traballando.

Di que rogan que se arranxe o paseo de Esteiro ata o Petón, e as mesas de madeira supoñen un problema.

Pregunta cando van a comezar as obras do Eleutorio Balayo, xa que hai moitos problemas entre os clubs e os horarios, polo que rogan que os convoquen para facer un reparto de hora das instalacións municipais. Cónstaslle que o equipo das Miúdas ía adestrar a Esteiro, e aproveitan para dicir que se lle dea máis amparo a este equipo feminino.

Pregunta que se están facendo cos residuos que se retiran da limpeza de praias, xa que recibiron un aviso de que se tirara a area con todo o lixo no monte de Serres e que eles pola súa parte van a poñer a correspondente denuncia en Medio Ambiente.

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte horas e corenta minutos, de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria xeral

Documento asinado electronicamente

---

Concello de Muros

R/ Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel. 981826050. Fax: 981762257